

## DIRIXIDO A:

Alumnado de 3º e 4º de primaria. As sesións están pensadas para un grupo-clase (non máis de 35 alumnos/as), xa que se pretende que sexan proveitosas e xeradoras de significados, non unha mera actividade puntual.

## MATERIAL:

Para o desenvolvemento das sesións o centro deberá dispoñer de:

- Unha aula na que haxa espazo suficiente como para traballar en grupos e realizar pequenas manualidades.

## PARA MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

### Foro de Inmigración de Santiago

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque 6-bis. C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 57 61 42

[foroinmigracionsantiago@yahoo.es](mailto:foroinmigracionsantiago@yahoo.es)

### Concellería de Benestar Social

U.A.M.I


Praza Camilo Diaz Baliño, 15 B

C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 54 24 95

[migracions@santiagodecompostela.org](mailto:migracions@santiagodecompostela.org)

## CAMPAÑA EDUCATIVA



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Concellería Benestar Social  
UAMI

## XUSTIFICACIÓN:

A presenza de cidadáns inmigrantes e de descendentes de emigrantes que regresaron a Galicia nos últimos anos cada vez é maior en case tódalas esferas da vida social e laboral, e tamén no eido educativo. Ante ese cadro, é fundamental formar e preparar o alumnado para convivir nunha sociedade intercultural de forma respectuosa e empática, previndo así a aparición de actitudes prexuzosas e discriminatorias e apostando por promover a cooperación e o intercambio entre os alumnos autóctonos e inmigrantes.

Con esta campaña pretendemos contribuír a unha efectiva integración do colectivo inmigrante e emigrante retornado á sociedade galega, levando a cabo nos últimos anos campañas educativas de sensibilización en colaboración co Concello de Santiago.

## OBXECTIVOS:

### Xerais:

- Sensibilizar o alumnado sobre a realidade do colectivo inmigrante, estimulando unha actitude empática e comprensiva que contribúa a creación dunha sociedade intercultural.
- Conectar e trazar pontes entre a experiencia emigratoria galega e a inmigrante, co fin de promover o achegamento de ambos colectivos.
- Promover unha reflexión crítica e razoada sobre os estereotipos que a miúdo se asocian ao colectivo inmigrante, estimulando o contraste dos mesmos coa realidade.

### Específicos:

- Coñecer as ideas e imaxes asociadas ao concepto de inmigrante, contrastándoas coa realidade e desmitificándoas.
- Sensibilizar ao alumnado de que a condición humana non se restrinxe aos estereotipos e que estes sempre implican unha simplificación da realidade.
- Achegar ao alumnado a realidade das migracións a través das súas vivencias familiares e persoais, e implicar ás familias no proceso de reflexión.
- Promover unha comprensión respecto ás similitudes entre a inmigración e emigración
- Consolidar os valores que se trataron de transmitir tais como a empatía, o respecto, a comprensión e a solidariedade.

## METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase en dúas sesións de, aproximadamente, dúas horas en dúas semanas consecutivas. Podería completarse coa realización dun acto de finalización da campaña de carácter lúdico na cal participarían todo o alumnado destinatario das actividades de sensibilización

### 1ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Comezárase con unha dinámica de grupo de presentación xogando cos seus nomes e comidas favoritas. Tamén se realizara un xogo dun bingo no cal os cartóns terán palabras (algúns farán referencia a estereotipos asociados á persoas inmigrantes e outras non). Logo, os alumna/os deberán clasificarán as palabras en dúas columnas INMIGRANTE x NON INMIGRANTE. As monitoras irán plantexando o motivo polo que deciden incorporar as palabras a unha ou outra categoría. A idea é que as/os alumnas/os sexan conscientes de que a maioría das palabras refírense a persoas, e que a condición humana está alén de calquera estereotipo.

Por último cada quen deberá entrevistar a unha persoa que teña emigrado segundo o guiión que lles entregue.

### 2ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

O grupo deberá compartir súa experiencia como reporteiros/as xunto as respostas das entrevistas y comentando aspectos relacionados (p.e. o feito de que a maioría ten unha persoa do seu entorno que emigrou). En un mapa marcaranse a viaxe entre país de orixe y o de destino, comentarase que se trazamos tódalas liñas das persoas que inmigran e emigran, o planisferio estaría cheo de marcas. Chamarase a atención sobre o constante movemento das persoas na busca dos obxectivos, tal como traballo, paz, estabilidade, parella, familia, estudos, etc..

As monitoras farán dúas columnas: “O que é diferente” e “O que é semellante” e animarán a establecer diferenzas e similitudes das vivencias. A continuación conducirán un diálogo guiado sobre ambas experiencias de emigrantes e inmigrantes, motivos polos cales decidiron emigrar, algunhas das dificultades que se atopan no seu proceso de adaptación, etc.

Ao final elaborarán dúas chapas co fin de regalar unha delas a un familiar ou amigo/a e explicarlle o que aprendeu.

### ACTO FINAL (1 hora e 40 minutos)

Iniciarase a actividade co apoio do conta-contos (facendo unha mímica sobre os preparativos ao emigrar) para mostrar que a maleta é un símbolo das migracións. Preguntase que leva unha persoa cando emigra (seguramente dirán cousas materiais) pero tratarase de estimular outro tipo respostas: ilusións, medos, o recordo das amizades e da familia, desexos... Entre todos se elaborará un cartel co lema “Nesta maleta cabemos tod@s... Xunt@s”

Farase unha conclusión: elaboramos un único cartel con algo que cada quen aportou e que así mesmo é a convivencia. Podemos facer algo en común, colaborando uns cos outros e respectando as diferenzas. Finalmente, como recordo regalarase a cada nena/o unha pequena sorpresa.